

## O corpo humano

### As partes do corpo

O noso corpo ten tres partes:

- 1- **A cabeza** : ten por diante a cara, onde temos a fronte, as meixelas e o queixelo, ademais do nariz, os ollos e a boca.
- 2- **O tronco**: está formado polo tórax, que é a zona do peito; e polo abdome, que é a zona da barriga.
- 3- **As extremidades**: inclúen as superiores (brazo, antebrazo e man) e as inferiores, (perna, coxa e pé).

### O corpo por dentro

O corpo humano por dentro está formado polos órganos, que son o que fan que funcione.

- 1- Os **ósos** e os **músculos**, xunto coas **articulacións**, sérvennos para sosternos e realizar todos os movementos.
- 2- Na **cabeza** está o **cerebro**, protexido polo cráneo. Dirixe o funcionamento de todos o demais órganos do corpo.
- 3- No **tronco**, temos órganos moi importantes, como o **corazón**, os **pulmóns**, os **riles**, o **estómago**, o **intestino**...

### A pel

A pel envolve o noso corpo e protéxenos do exterior. Ademais, recibe información sobre o frío, a calor, a dor...

A pel que cobre a cabeza ten pelo abundante. Noutras zonas, ten uns peliños máis curtos e finos chamados peluxe.

A pel contén unha substancia chamada **melanina** que nos protexe do sol. A melanina fai que a pel escureza ao tomar o sol. Aínda que a melanina nos protexe do sol, hai que axudala usando crema solar.

### As persoas somos diferentes

Diferenciámonos uns doutros en varios aspectos:

- 1- O sexo.
- 2- A constitución.
- 3- A altura.
- 4- Os trazos persoais.

Con todo, todos temos os mesmos dereitos e as mesmas

## Medramos e cambiamos, as etapas da vida

### Infancia

É a etapa en que máis se medra e se cambia. Os nenos ao nacer aliméntanse de leite e non falan nin camiñan. Nacen sen dentes, que van saíndo pouco a pouco: primeiro os do leite e despois os definitivos.

Os nenos fan as súas primeiras amizades, aprenden moitas cousas e comezan a coñecer e a relacionarse co mundo que os rodea.

**Esta etapa dura ata os 12 anos**, aproximadamente, polo tanto vós estades nesta etapa.

### Adolescencia

**Entre os 12 e os 16 anos**, o corpo transfórmase: é a puberdade.

As persoas prepáranse para ser adultas.

Prodúcense cambios no corpo e na mente.

Xa existen diferenzas visibles entre homes e mulleres.

Tamén cambia a forma de ser: os adolescentes son máis independentes e desenvolven gustos persoais.

### Ancianidade

Nesta etapa pérdese axilidade, forza e resistencia.

O pelo adóitase volver branco e a pel engúrrase.

Pero os anciáns teñen moitas experiencias, lembranzas, coñecementos...

**Podemos aprender moito con eles!**

### Idade adulta

Na idade adulta o corpo está totalmente desenvuelto.

Nesta idade as persoas están preparadas para asumir responsabilidades, como o traballo e o coidado dos fillos, e ser parte activa da sociedade.

Copia as partes do corpo dos debuxos da páxina 8.

